

1. Bolsas e prácticas profesionais

1.2. Organismos públicos galegos

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) convoca bolsas de formación en promoción exterior coa finalidade de formar a especialistas no ámbito da captación internacional de investimentos, a expansión exterior da empresa galega, a detección de potenciais investidores estranxeiros cara a Galicia, a busca de oportunidades de negocio e a investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE). BOLSAS DE PROMOCIÓN EXTERIOR

Requisitos

- Posuír a nacionalidade española e ter nacido en Galicia; ser nacional dun Estado membro da Unión Europea e nacido en Galicia ou estar empadroadado nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia con dous anos de antigüidade á data de publicación destas bases.
- Ter nacido a partir do 1 de xaneiro de 1983.
- Estar en posesión dunha das seguintes titulacións: Universitarias (licenciatura, diplomatura, enxeñaría ou grao): Administración e Dirección de Empresas, Ciencias do Transporte e Loxística, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias Empresariais, Ciencias Políticas, Comercio, Comercio Exterior, Dereito, Dirección e Creación de Empresa, Dirección de Empresas-BBA, Dirección Financeira e Contabilidade, Economía, Enxeñaría, Estatística e Empresa, Márketing e Dirección Comercial, Marketing e Investigación de Mercados, Relacións Internacionais, ou outras con distinta denominación pero de contidos similares ás citadas. Formación profesional: técnico superior en Comercio Internacional. Outras titulacións universitarias non preferentes (licenciatura, diplomatura ou grao) doutras temáticas coa condición de que se dispoña ademais de título de máster en Comercio Internacional.
- Coñecemento de inglés falado e escrito (mínimo B1).
- Estar dado de alta como demandante de emprego no servizo público de emprego de Galicia.
- Non ter gozado con anterioridade dunha bolsa do Igape relacionada coa internacionalización empresarial.

Lugar

Nas oficinas da Xunta de Galicia no exterior, no Igape ou noutros destinos concertados polo instituto en entidades públicas ou privadas.

Prazos de solicitude

No segundo trimestre do ano. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG). As solicitudes presentaranse segundo o modelo oficial e xunto a documentación requirida no Igape ou en calquera das súas oficinas autorizadas. A documentación redactada nunha lingua non oficial en Galicia deberá presentarse acompañada da tradución correspondente realizada por un intérprete xurado.

En 2020 o prazo finalizou o 5 de maio.

Proceso de selección

Todos os aspirantes que presenten a súa solicitude dentro de prazo, serán convocados a unha proba eliminatoria de inglés e dos idiomas adicionais indicados na solicitude, que constarán dunha parte escrita e outra oral, na data, hora e lugar de realización que se comunicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Igape.

De entre os candidatos admitidos, os cen que tiveran obtido mellor puntuación global serán convocados a unha entrevista persoal.

Para máis información:

igape.es

Duración e contía

A duración inicial da bolsa establécese nun máximo de doce meses contados desde a data de comezo que para tal efecto fixe a resolución de concesión. E poderán ser prorrogadas polo Igape por un máximo de ata doce meses adicionais en función da necesidade de finalizar ou completar unha parte da formación que xa tivese comezado ou estivese a piques de comezar.

O importe máximo de subvención por bolseiro é de 42.000 € por un período de 12 meses ou a súa parte proporcional en función do período da bolsa. As dotacións variarán segundo o destino e o número de meses de estancia en Galicia e no estranxeiro. Desta subvención detraeranse a correspondente retención fiscal e a cota por cotización á Seguridade Social aplicables segundo a lexislación vixente.